

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2023-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 10 de outubro de dous mil vinte e tres ; as oito horas e corenta minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández, dona Mariluz Expósito Pérez , dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o interventor do concello, don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 3 de outubro de 2023.

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza 1077/2023 RIB / S/ 369/23

Vista a solicitude presentada por don Enrique Otero González en representación de don Benilde Francisco Fernández para "Proxecto básico e de execución . Instalación de elevador no interior dunha vivenda no Casco Histórico de Ribadavia (Ourense).con data de visado de 30 de xuño de 2023 e asinado polo arquitecto D. Enrique Otero González , parcela catastral 0823209NG7802S

Consta no expediente:

-Informe da arquitecta municipal de data 3 de outubro de 2023.

-Informe do secretario municipal de data 9 de outubro de 2023.

Acordase conceder licenza de obras para "Proxecto básico e de execución . Instalación de elevador no interior dunha vivenda no Casco Histórico de Ribadavia (Ourense).con data de visado de 30 de xuño de 2023 e asinado polo arquitecto D. Enrique Otero González , parcela catastral 0823209NG7802S

Estarase o disposto na "Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza o Proxecto Patrimonial. Control Arqueolóxico para Instalación de Elevador interior na vivenda da R/ S. Martiño num. 18. Ribadavia (Ourense)", de data de sinatura de 26 de setembro de 2023, na que se autoriza ó arqueólogo municipal D. Jorge Lamas Bértolo a executar o control arqueolóxico, **para o que a promotora deberá avisar con tres días de antelación ó inicio da remoción das terras.**

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.

5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

ACTUACIÓNS EN AREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL .ACORDO DE COMISIÓN BILATERAL DO 1/12/2021 .CONCELLO RIBADAVIA, AREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA , FASE DE ACTUACIÓNS 16º CONVENIO.

Que ao abeiro da 8ª convocatoria municipal de data 14 de decembro de 2021 , publicada no BOP o día 29 de decembro de 2021, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación que se relacionan os apartados A e B para as que se solicita a súa calificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 106/2018 polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 1 de decembro de 2021..

Que os titulares dos expedientes que se tramitan cumpren os requisitos que veñen regulados pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, RD 106/2018. Se cumpren os requisitos de documentación relativa á personalidade dos solicitantes, titularidade e destino das vivendas , tipo de actuacións de rehabilitación protexibles, requisitos para obter a condición de beneficiarios tanto xerais como establecidos nas Leis de subvencións como específicos que refire o RD 106/2018 para actuacións en áreas de rehabilitación.

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro das súas correspondentes licencias municipais de obras.

A Datos da persoa solicitante e vivendas/edificios

| Nome e apelidos | Nif/cif | Enderezo inmovble | Tipoloxia vivenda | Edificio/ Vivenda BIC | Nº vivendas | Referencia Catastral vivendas | Nº de locais | Referencia Catastral |
|-----------------------------|-----------|--------------------|---------------------|-----------------------|-------------|-------------------------------|--------------|----------------------|
| Benilde Francisco Fernández | 34916124P | Rúa San Martiño 18 | Vivenda unifamiliar | | 1 | 0823 209N G780 2S | | |

B DATOS DA ACTUACIÓN

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro dos seus correspondentes títulos habilitantes municipais (licenzas municipais, comunicación previa de obras).

| Referencia catastral | Tipo de actuación | Actuacións previstas de rehabilitación | Custo actuación (sen IVE) | Sub máx prevista MF | Sub máxima prevista Xunta | Fin previsto actuación (meses) |
|----------------------|-------------------|--|----------------------------|---------------------|---------------------------|---------------------------------|
| 0823209NG7802S | Rehabilitación | Mellora accesibilidade | 39.024,80 € | 9.000,00€ | 3.902,48€ | 24 |

PLAN DIRECTOR DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS

A xunta de goberno local, por unanimidade, aproba o Plan Director de subvencións a entidades deportivas co seguinte texto:

INTRODUCCIÓN

Son funcións do Consello Municipal de Deportes, recollidas nos estatutos , a xestión e toma de decisións dentro do ámbito das competencias que teñen atribuídas as entidades locais ao amparo da Lei Xeral do Deporte de Galicia , lei 3/2012, 2 de Abril de 2012

Entre outras, son funcións do Consello Municipal de Deportes:

- Fomento da práctica físico-deportiva , como xeito de crear hábitos saudables entre os cidadáns
- Fomento e impulso a clubs e entidades deportivas , como estruturas asociativas básicas que propicien a integración social dos seus membros e fomenta a práctica físico-deportiva entre os cidadáns.
- A conservación, reparación, mellora e xestión das instalacións e equipamentos deportivos de titularidade municipal
- Organizar e ,no seu caso, autorizar manifestacións deportivas dentro do termo municipal.
- Promover e colaborar no desenvolvemento de eventos deportivos que se desenvolvan dentro do municipio
- Actuar como canalizador das propostas dos veciños e entidades deportivas en relación ca organización, potenciación e desenvolvemento da actividade físico-deportiva no municipio

Asemade o Regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais no seu CAPITULO I/NORMAS XERAIS/Art.10, establece.- O Concello de Ribadavia, poderá concertar tanto para o uso continuado das instalacións deportivas municipais como para o desenvolvemento de programas de carácter físico-deportivo, convenios con clubs, asociacións, federacións, entidades deportivas e organismos que teñan por obxecto a promoción do deporte aos efectos de que poidan beneficiarse de unha maior operatividade no seu funcionamento.

As subvencións son unha ferramenta de fomento de determinadas iniciativas sociais consideradas de interese xeral , favorecendo a participación cidadá e a colaboración entre a administración pública e a cidadanía na xestión de servizos.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce, como elemento de xestión e para a mellora da eficacia e eficiencia nas actuacións das administracións públicas, a necesidade de elaborar un Plan Estratégico de subvencións.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos e

Organismos Públicos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan

Estratégico de Subvencións no que se establecerán os obxectivos das mesmas , prazos para acadalos e

custes previsibles, sempre adaptándose ao cumprimento dos principios da estabilidade orzamentaria.

A aprobación do Plan Extratético de subvencións e unha ferramenta de xestión e a súa aprobación nón xenera obrigas nin dereitos para o Concello de Ribadavia.

O Plan Extratético estará condicionado a aprobación dun Plan Director anual de subvencións a entidades deportivas, e por suposto a dispoñibilidade orzamentaria de cada exercicio. Dentro deste orzamento, xestiona a concesión de subvencións, axudas e a sinatura de convenios con entidades para a consecución dos mencionados obxectivos, e polo exposto anteriormente ten a obriga de aprobar un Plan Director anual de subvencións a entidades deportivas que regule o procedemento e os criterios de distribución das mesmas. Plan director que se regula no articulado exposto a continuación.

ARTIGO 1. Obxectivos

Obxectivos Xerais:

- Fomento do tecido asociativo e a participación cidadá
- Impulsar a práctica físico-deportiva xerando oportunidade de ocio e tempo libre saudables

Obxectivos específicos:

- Fomento do deporte federado vencellado ao deporte de base e de formación.
- Promoción de eventos físico-deportivos cunha finalidade transversal : fomento da actividade física a saúde, alternativa de ocio/espectáculo e promoción turística
- Opción ao mantemento e conservación dos equipamentos deportivos

ARTIGO 2. Diagnose

Dende a entrada en vigor da Lei Xeral de Subvencións, e nos últimos anos de xeito ininterrompido o Plan de subvencións a entidades deportivas do Concello de Ribadavia a proposta do Consello Municipal de Deportes foi convocada polo procedemento de concurrencia competitiva dirixido a tres programas:

- Convocatoria de subvención a clubs e entidades deportivas.- Dotación: setemil euros (7000€)
- Convocatoria de subvención a eventos físico-deportivos.- Dotación : catromil euros (4000€)
- Convocatoria de subvención ao mantemento de campos de fútbol.- Dotación : tresmiltrescentos euros(3300€)

No exercicio 2019 muda a política deportiva neste senso acordando incrementar a dotación de axudas ao deporte federado así como o rexime de concesión a vía nominativa. Aprobando no consello reitor do consello municipal de deportes o 1º Plan Director de subvencións a entidades deportivas vencelladas aos importes a cada entidade como cantidades máximas a percibir, en función da actividade desenvolta.

No exercicio 2020 e 2021, acordase deixar sin efecto a aplicación dos criterios de concesión das axudas para que as entidades perciban as cantidades integras recollidas no orzamento xeral do Concello a proposta do Consello Municipal de Deportes, motivado pola situación excepcional derivada da crise sanitaria do COVID-19.

No exercicio 2022, logo da excepcionalidade en canto a aplicación do plan director motivado pola COVID-19, volve ser de aplicación para a resolución dos expedientes.

No exercicio 2023 a partida orzamentaria destinada a subvencións a clubs/entidades ascende a trintaedousmil catrocentos euros(32.400€) con cargo a partida 4.489.00.341

ARTIGO 3. Ámbito temporal.

O Plan director de subvencións a entidades deportivas propónse para o exercicio 2023.

ARTIGO 4. Competencia.

O órgano competente para aprobación do Plan Director corresponde ao Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes, según se recolle nos seus estatutos.

ARTIGO 5. Principios xerais.

Son principios xerais deste Plan os seguintes:

- Concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar coa debida consignación orzamentaria previa.
- Concesión conforme a criterios obxectivos previamente establecidos a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados e eficiencia na asignación de recursos públicos, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente.
- Control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

ARTIGO 6. Procedemento,regulación e financiación

O procedemento de concesión de subvencións sera de xeito directo con carácter nominativo recolléndose o obxeto da subvención no correspondente convenio de colaboración que se asinara con totalas entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias das subvencións para poder acceder as mesmas deberán asinar un convenio de colaboura co Concello de Ribadavia onde se recolleran , como minimo , os seguintes :

1. FINS AOS QUE VAN DESTINADAS AS AXUDAS
2. PROGRAMAS A SUBVENCIONAR
3. PRAZOS E DOCUMENTACIÓN A APORTAR
4. OBRIGAS
5. CRITERIOS DE CONCESIÓN DAS AXUDAS
6. PROCEDEMENTO DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS
7. LIQUIDACIÓN E PAGAMENTO

A dotación prevista atopase aprobada no Pleno ordinario do 26 de Febreiro do 2023 cunha dotación de trintaedousmil catrocentos euros(32400€) con cargo a partida 4.489.00.341

ARTIGO 7. Programas

As axudas reguladas nas subvencións a entidades deportivas teran como finalidade a colaboura para a financiación dos seguintes programas:

1. **CLUBS/ENTIDADES DEPORTIVAS** .- Subvención ao deporte de federado de rendimento orientado ao sostenemento da entidade para a participación en competicións oficiais da súa respectiva federación. Sendo compatibles con outras subvencións recibidas de outras administracións publicas para o mesmo fin.
2. **ESCOLAS DEPORTIVAS** .- Subvención a docencia e formación deportiva en totalas etapas do aprendizaxe deportivo. Sendo compatibles con outras subvencións recibidas de outras administracións publicas para o mesmo fin.
3. **EVENTOS FISICO-DEPORTIVOS**.- Subvención a organización de eventos fisico-deportivos por parte de entidades deportivas. Sendo compatibles con outras subvencións recibidas de outras administracións publicas para o mesmo fin.
4. **MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS/EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS**.- Subvención a entidades que colaboren no mantemento de equipamentos de titularidade municipal e outras xestionadas polo Concello de Ribadavia

ARTIGO 8. Requisitos , regulación e dotación orzamentaria anual por programas

1. PROGRAMA DE SUBVENCIÓN A CLUBS/ENTIDADES DEPORTIVAS

REQUISITOS

- Estar inscritos no rexistro de entidades deportivas da Xunta de Galicia.

- Participar en competicións oficiais organizadas polas respectivas federacións.
- Posuir, polo menos , un equipo de base inferior a categoría(absoluta: junior e/ou senior); no caso de disciplinas individuais ou entidades que se adiquen exclusivamente a promover o deporte feminino deberán posuir como mínimo cinco(5) licenzas federativas ou nenas que participen de xeito habitual na actividade do clube, nas mencionadas categorías base.
- Desenvolver a súa actividade obxeto das axudas dentro do Concello de Ribadavia.

REGULACIÓN

A) PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN S OFICIAIS DE AMBITO NACIONAL

Entidades que participen, con equipos/s de categorías absoluta ou de máxima categorías no caso de non dispor de categorías absoluta, en ligas regulares ou competicións que se celebren total ou parcialmente fora da comunidade autónoma de Galicia organizadas polas respectivas federacións estatais. Non se atopara neste rango, a participación de carácter puntual por clasificación, invitación etc.

B) PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN S OFICIAIS DE AMBITO AUTONOMICO

Entidades que participen, con equipos/s de categorías absoluta ou de máxima categorías no caso de non dispor de categorías absoluta, en ligas regulares ou competicións que se celebren totalmente fora da provincia de Ourense organizadas polas respectivas federacións autonómicas. Non se consideran neste rango a participación en ligas/competicións que inclúan localidades da provincia de Ourense e outras situadas nas provincias de Pontevedra e Lugo ubicadas xeograficamente a menos de 40 Km. do límite da provincia de Ourense.

C) PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN S OFICIAIS DE AMBITO PROVINCIAL

Entidades que participen, con equipos/s de categorías absoluta ou de máxima categorías no caso de non dispor de categorías absoluta, en ligas regulares ou competicións que se celebren totalmente dentro da provincia de Ourense organizadas polas respectivas federacións autonómicas ou provinciais. Incluindo neste rango, a participación en ligas/competicións que inclúan localidades situadas nas provincias de Pontevedra e Lugo ubicadas xeograficamente a menos de 40 Km. do límite da provincia de Ourense.

DOTACIÓN ORZAMENTARIA

A cuantía máxima a percibir por iste programa e entidade en función da categoría na que participe o equipo ou deportista do clube , na máxima categoría absoluta, será:

| A) AMBITO NACIONAL | B) AMBITO AUTONOMICO | C) AMBITO PROVINCIAL |
|--------------------|----------------------|----------------------|
| 3000 € | 2000 € | 500 € |

2. PROGRAMA ESCOLAS DEPORTIVAS

REQUISITOS

- Entidades que contén con licenzas federativas de deportistas nas categorías consideradas de base quedando excluídas as categorías absolutas: junior/senior e veteranos.
- Deberán estar participando en competicións de ámbito provincial, autonómico ou nacional en competicións oficiais organizadas polas respectivas federacións, no caso de disciplinas individuais deberán posuir como mínimo dez(10) licenzas federativas nas mencionadas categorías.
- Deberán desenvolver a súa actividade de adestramentos dentro do termo municipal de Ribadavia
- O traballo de docencia e formación dos deportistas , estará obrigatoriamente dirixido por técnicos con titulación específica na modalidade e licenza en vigor na tempada, que deberán acreditar.

REGULACIÓN

- Estarán subvencionados os alumn@s que cumpra cos requisitos expostos
- Estableceranse axudas por licenza en función da categoría da competición na que participe.

- Estaran subvencionados os técnicos que cumpran cos requisitos expostos
- Estableceranse axudas en función da cualificación dos técnicos.
- Quedando establecida a titulación dos técnicos do seguinte xeito: a) Técnico Superior ou Adestrador Nacional ; b) Técnico de Base ou Equivalente (Adestrador Territorial/Monitor, etc.)

DOTACIÓN ORZAMENTARIA

A cuantía máxima a percibir por iste programa e entidade será de dousmil euros (2000 €)

Para o cálculo aplicarase o seguinte criterio en función dos parámetros: licenzas e técnicos

O parámetro licenza estará subvencionado en función da participación en competicións de ámbito provincial, autonómico ou nacional

O parámetro técnicos estará subvencionado en función da cualificación.

| LICENZAS | | | TÉCNICOS | |
|--------------|--------------|--------------|----------------|---------------|
| NACIONAL | AUTONÓMICO | PROVINCIAL | T.SUPERIOR | T.BASE |
| 30 €/licenza | 20 €/licenza | 10 €/licenza | 1000 €/Técnico | 300 €/Técnico |

3. PROGRAMA EVENTOS FÍSICO-DEPORTIVOS

REQUISITOS

- Entidades que promovan eventos físico-deportivos puntuais de carácter competitivo ou non competitivo que impliquen a práctica de disciplinas deportivas recoñecidas polas respectivas federacións como torneos, carreiras populares, campos deportivos, rutas cicloturistas etc.
- O evento deberá celebrarse dentro do termo municipal do Concello de Ribadavia, no caso de probas atléticas, BTT etc. o circuito poderá discorrer por outros concellos sempre e cando teña saída e chegada no Concello de Ribadavia
- As entidades poderán promover máis de un evento
- Os eventos poderán ter carácter federado ou popular
- Todos os eventos deberán cumprir cos requisitos recollidos na Lei Xeral do Deporte de Galicia

REGULACIÓN

- Establecese axudas en función da categoría do evento podendo ser de ámbito: Nacional/Internacional ou Provincial/Autonómico
- Enténdese Nacional/Internacional, cando participen no evento clubs, equipos ou deportistas procedentes de entidades de fora da comunidade autónoma de Galicia (Nacional) ou do estado español (Internacional)
- Enténdese Provincial/Autonómico, cando participen no evento clubs, equipos ou deportistas procedentes de entidades da Comunidade Autónoma de Galicia (Autonómico/Provincial)
- Establecese axudas en función da participación no evento de categorías base, tendo en conta a participación feminina que deberá ser como mínimo un 20% da participación total.
- Establecese axudas ao impacto social dos eventos que se considere repercutan na promoción turística de Ribadavia (actividades paralelas, atracción de público foráneo, hostelería, restauración etc.)

DOTACIÓN ORZAMENTARIA

A cuantía máxima a percibir por iste programa e entidade será de dousmil euros (2000 €)

| CATEGORÍA DO EVENTO | | CATEGORÍAS BASE | | IMPACTO SOCIAL |
|---------------------|------------------|-----------------|----------------|------------------|
| NACIONAL/INTERNA. | PROVINCIAL/AUTO. | FEMININO/MIXTO | SOLO MASCULINO | ATA UN MÁXIMO DE |
| 500 € | 300 € | 500 € | 300 € | 1000 € |

4. PROGRAMA MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS/EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS

REQUISITOS

- Entidades con domicilio social en Ribadavia
- Facer uso de algunha das instalacións/equipamentos deportivos de titularidade municipal e outros xestionados por cesión do titulares ao Concello de Ribadavia
- Poderan ser equipamentos elementais (único espazo deportivo) de uso por parte da entidade subvencionada
- Acatar e facer cumprir cantas normativas e ordenanzas sexan de aplicación

REGULACIÓN

- Según o recollido en convenio

DOTACIÓN ORZAMENTARIA

A cuantía máxima a percibir por iste programa e entidade será de milcincocentos euros(1500 €)

ARTIGO 9.- Xustificación , pagamento e prazos

A subvención xustificarse presentando a conta xustificativa según modelos (ANEXO-I e ANEXO-II) aportando a seguinte documentación:

- Relación de gastos (ANEXO-I) da actividade,por importe igual ou superior a cantidade a xustificar, con identificación do acreedor , importe e data de emisión
- Relación detallada de ingresos(ANEXO-II) con indicación do seu importe e a sua procedencia
- Facturas xustificativas en orixinal ou duplicado ou copia cotexada do documento . No caso de gastos de arbitraje, achegarse certificación do colexio de árbitros . No caso de gastos de desprazamentos deberase presentar documento asinado polo perceptor co VºBº do presidente, onde se reflectan nome ,apelidos e NIF do perceptor eo CIF da entidade ao prezo máximo de 0,19 €/Km.
- A xustificación dos gastos incluírá a acreditación fidedigna do pagamento destes. O Concello de Ribadavia poderá comprobar a realidade do gasto certificado a través dos oportunos procedementos de auditoría e control financeiro. A acreditación de gastos deberá ser por unha contía igual ou superior a da subvención concedida; de non ser así, procederase á correspondente redución.Ao aveiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións,considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención.

De advertirse deficiencias de carácter correxible na xustificación o Concello de Ribadavia cocedera un prazo de dez días para subsanar a documentación da conta xustificativa.

O pagamento da subvención correctamente xustificada farase efectiva previa proposta de pagamento da dirección do Servizo Municipal de Deportes

O prazo de xustificación farase ante o Concello de Ribadavia antes do 31 de Outubro , agas nos casos que se establecera outra data nos convenios puntuais con cada entidade. Asemade antes desta data , por causa de forza maior , poder socilitar un aprazamento para presentar a documentación da conta xustificativa.

- Acreditación das medidas de difusión onde aparezan os logos do Concello de Ribadavia e do Consello Municipal de Deportes , tales como carteles,dípticos,paxina web e outros.
- Certificado de conta bancaria expedida pola entidade financeira correspondente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a convocatoria e bases para a contratación dun Profesor para o Conservatorio-Escola de Música de Ribadavia, especialidade violín, que de seguido transcríbese:

BASES QUE REXERAN O CONCURSO PARA A SELECCION DUN PROFESOR DO CONSERVATORIO DE MÚSICA-ESCOLA DE MÚSICA DE RIBADAVIA, ESPECIALIDADE VIOLÍN (PERSOAL LABORAL).

1.- OBXECTO.- O obxecto das presentes bases é regular a contratación por este concello, ao abeiro do RD 2720/1998, do 18 de decembro, de persoal laboral temporal Profesor Conservatorio-Escola de Música de Ribadavia, especialidade Violín.

Posto de traballo; nº de prazas:

- Profesor/a Violín.

Total postos de traballo; 1

Tipo de contrato: De duración determinada por substitución de trabador con reserva de puesto de trabajo a tiempo completo.

Ao presente proceso selectivo seralle de aplicación o Real Decreto legislativo 5/2015 que aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 30/84 do 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública no que non fose derogada pola anterior, a Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a Lei 7/85 do 2 de abril de Réxime Local, RDL 781/86 do 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 896/91 do 7 de xuño, as presentes Bases Reguladoras xunto cos anexos que a acompañan, e supletoriamente o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, así como a Sentenza do Tribunal Constitucional 67/1989.

2.- DURACION DOS CONTRATOS.- Os contratos terá a duración necesaria para el desenrolo do curso, convocatoria de Xuño, é dicir, rematará o día 30 de Xuño de 2024.

A xornada laboral será a precisa para o desenrolo do curso e fixarase en razón da programación que se faga do curso, e da matrícula de alumnos que se rexistre.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

Para participar na selección será preciso cumprir os seguintes requisitos específicos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha que consonte ao artigo 52 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non alcanzar a idade de xubilación. Estar en posesión da titulación esixida para acceder á praza convocada (Título de Grao Superior da especialidade musical convocada).
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. Non obstante, cando algunhas das prazas estea reservada aos que teñan a condición de minusválido/a, non se establecen limitacións físicas ou psíquicas senón no caso de que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións encomendadas.
- d) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades

Locais, nin se achar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española non deberán estar sometidos a sanción disciplinaria nin condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

- e) Non estar incurso/a en causa de incapacidade das establecidas na normativa vixente de Función pública.

2. Os requisitos establecidos nestas Bases haberán de ser acreditados no momento de presentación de instancias e mantelos ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal.

4.- SISTEMA DE SELECCION.-

A selección realizarase mediante o sistema de concurso no que se valorarán os méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases, as cales publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

5.- DOCUMENTACION E PRAZO PARA A PRESENTACION DAS SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse nas instancias que se axuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou remitilas por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, no prazo de cinco días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do días seguinte ao da publicación do anuncio nun diario de difusión provincial, achegándose a seguinte documentación:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os estranxeiros.
- Copia cotexada da titulación académica esixida, así como dos títulos, carnés ou certificacións profesionais que se esixan.
- Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa da vida laboral.
- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño do posto de traballo.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.

En ningún caso, se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificados, ou presentados unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes.

Procederase a publicación de ditas bases na paxina web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello.

6.-TRIBUNAL.

1. A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vocais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso a praza convocada.

2. O Tribunal cualificador do proceso selectivo estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Un funcionario do Concello designado polo Alcalde.

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS: Tres Funcionarios ou persoal laboral designado polo Alcalde, con titulación igual ou superior a esixida para praza/as obxecto da convocatoria.

O Tribunal, sempre que o considere necesario e con carácter excepcional, podera designar asesores con coñecementos específicos relativos as prazas convocadas, sendo as súas funcións de asesoramento o tribunal de valoración e sen dereito a voto.

3. Os membros do Tribunal deberán absterse de concorrer algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal nos termos do art. 24 da citada Lei 39/2015 cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

4. Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza en todo caso, do Presidente e do secretario do Tribunal, ou no seu caso, dos que lle substitúan, e da metade polo menos dos seus membros designados como vogais, sen que en ningún caso poidan ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

5. O Tribunal terá capacidade para resolver cantas dúbidas e incidencias formúlense, adoptando as medidas necesarias para o normal desenvolvemento do proceso selectivo.

6. Para a cualificación dos aspirantes o Tribunal axustarase ao disposto na base VI. A) desta convocatoria.

O Presidente do Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

7. Concluído o proceso selectivo, o Tribunal fará público no Taboleiro de Anuncios, a cualificación final dos aspirantes, con indicación da puntuación obtida na fase de concurso e entrevista curricular, declarando aprobado ao aspirante que obtivera a máxima puntuación.

8. O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao de prazas/postos convocados. As propostas de aprobados que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

9. Aos efectos de comunicacións e incidencias o Tribunal terá a súa sede na do Concello de Ribadavia.

10. Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización ou valoración das probas e para a publicación dos resultados.

7.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

1. As probas selectivas constarán dunha fase de concurso e unha entrevista curricular.

2. Fase de concurso. O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 9 puntos. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

A) Valoración de méritos.

A.1 Méritos Profesionais.

a) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta: 0,10 puntos ata un máximo total de 2 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas ou como autónomo na praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta: 0,05 puntos ata un máximo total de 1 punto.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

A.2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou unha Universidade.

- Por cursos de 10 a 40 horas de duración: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,40 puntos.

- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,20 puntos, ata un máximo de 0,80 puntos..

- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,30 puntos, ata un máximo de 1,20 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación de 0,05 puntos.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A.3. Outros Méritos. Estar en posesión de:

- Por Masters ou Cursos de Postgrao, sempre que se atopen relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por unha Administración Pública, Universidade ou organismo oficial, ata un máximo de 3 puntos, baremándose do seguinte xeito:

- Master ou cursos de postgrao ata 400 horas: 0,5 puntos.

- Master ou curso de postgrao de máis de 400 horas: 1 puntos.

- Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos
- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos
- Curso de especialización: 0,60 puntos

Só se valorarán aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e só o de maior puntuación.

B) Xustificación dos méritos alegados.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

B.1 Experiencia profesional.

- A experiencia profesional en praza ou posto de igual ou similar contido fóra do ámbito da Administración Pública xustificárase:

No caso de servizos prestados por conta allea, achegando os seguintes documentos:

- * Contrato de traballo ou certificación da empresa correspondente ao período que se alega.

- * Certificado de cotizacións á Seguridade Social.

- No caso de servizos prestados por conta propia, achegando os seguintes documentos:

- * Xustificante de pagamento do imposto de actividades económicas de cada un dos anos en que se estivera en situación de alto no mencionado imposto.

- * Certificado de cotizacións á Seguridade Social, onde consten período e grupo de cotización, salvo aqueles colectivos profesionais que estean exentos desta cotización, o que deberá acreditarse de forma fidedigna.

- A experiencia profesional en praza ou posto de igual contido no ámbito da Administración Pública xustificárase:

- * Achegando a documentación indicada nos parágrafos precedentes.

- * Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Dependencias ás que estean adscritos os devanditos postos.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

- Nos tres apartados do punto 1 do baremo, para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados no punto A.3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

3. Entrevista Curricular. O obxecto da entrevista curricular fundamentase na necesidade de definición do perfil do aspirante co requerido para o posto de que se trate e consistirá en preguntas relacionadas coas funcións do posto ofertado. A valoración da entrevista é de 0 a 3 puntos.

C) Aplicación do concurso.

Os puntos obtidos na entrevista curricular sumaranse aos obtidos despois de aplicar o baremo establecido nas bases referidas.

D) Criterio para dirimir empates.

De se produciren empates na puntuación, a orde de desempate sera a seguinte:

1.- A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o masculino, cando na categoría ou escala se dean as condicións de infrarepresentación establecidas no artigo 37 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para igualdade de mulleres e homes.

2.- Parados de longa duración con cargas familiares.

3.- Persoas con discapacidade.

4.- Solicitantes desempregados maiores de 45 anos.

5.- Solicitante de maior idade.

Concluídas as probas , elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, precisándose que o número de propostos non poderá superar o número de contratacións ofertadas. A proposta do tribunal farase pública mediante a publicación da acta no taboleiro de anuncios do concello.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

1. Ademais das condicións indicadas na base II desta convocatoria, previamente á formalización do correspondente nomeamento, o aspirante proposto polo Tribunal haberá de achegar:

a). Declaración xurada de non ter emprego retributivo con cargo a calquera organismo publico, incluída a Seguridade Social, o día da toma de posesión, estándose ao disposto na Lei 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e, en especial, ao seu artigo 10; E disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

b). Declaración xurada de non exercer actividades privadas incompatibles co posto de traballo que se vai desempeñar no Concello e/ou solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas que se desenvolvan á marxe do Concello.

c). Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade das contidos no art. 36 do Regulamento de Funcionarios de Administración Local do 30 de maio de 1952.

d). Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se achar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

e). O prazo para a presentación de documentos será de 3 días naturais, contados dende o día seguinte a aquel en que se faga pública a proposta de nomeamento do persoal laboral fixo por parte do Tribunal.

2. O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia, mediante Resolución que se publicará na forma e lugar establecidos nestas Bases, nomeará ao aspirante seleccionado.

9.-BASE FINAL.

1. As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados directamente ante o órgano da xurisdición do Contencioso-administrativo competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte de última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que considere procedente, conforme establece a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. No non previsto nas bases anteriores rexerá polo Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así cono o RD 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos **funcionarios** de Administración Local”.

AMPLIACIÓN PRAZO SOLICITUDE SUBVENCIONS CASCO ANTIGO DE RIBADAVIA

Con data de 3 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno Local aprobou as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións das actuacións de rehabilitación na área de rehabilitación do centro histórico de Ribadavia : Plan estatal de vivenda 2018-2021 ; Real Decreto 106/2018 ,do 9 de marzo, 15 Convenio.; Programa de rexeneración e renovación urbanas , que no seu artigo 12 “ Prazo de presentación de solicitudes”, prevía: “ As solicitudes de axuda deberán presentarse no prazo de un (1) mes” , contado dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes sen esgotar as cantidades consignadas, a Xunta de goberno acorda ampliar o prazo de presentación de solicitudes por doce meses , contado do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

AMPLIACIÓN PRAZO SOLICITUDE SUBVENCIONS CASCO ANTIGO DE SAN CRISTOVO.

Con data de 14 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno Local aprobou as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións das actuacións de rehabilitación na área de rehabilitación do casco antigo de San Cristovo : Plan estatal de vivenda 2018-2021 ; Real Decreto 106/2018 ,do 9 de marzo, 8 Convenio.; Programa de rexeneración e renovación urbanas , que no seu artigo 12 “ Prazo de presentación de solicitudes”, prevía: “ As solicitudes de axuda deberán presentarse no prazo de un (1) mes” , contado

dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes sen esgotar as cantidades consignadas, a Xunta de goberno acorda ampliar o prazo de presentación de solicitudes por doce meses , contado do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as oito horas e corenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE